

7

Vai polo mar

Bernardino Graña foi «o poeta do mar». Para el, o mar era todo un mundo poboado dos máis diversos seres e o lugar de traballo de moitos galegos.

Canción para ir ao mar de pesca

•Pra que anden gordos todos os nenos e polo agosto haxa máis festa, imos •buscare xunto das illas unha corvina, unha faneca, un abadexo, unha morea.

Pra que en Galicia cheiren as fábricas de •salazón e mais de conserva, imos ao mar con arpón ou liña a pescar rincha, congros e alcriques, moita pescada, unha balea.

Pra que as mulleres berren na praza e haxa ruído polas tabernas, traerei con nasa, con rede ou figa •luras e polbos, muxes e nécoras, meros e sargos, sollas e vieiras.

 **PESAFI**
Fai un mural sobre os barcos pesqueiros.

Hei de •pescare con xeito ou vaca, con bou ou cunha pobre gamela unha centola, xouba e sardiña, un rodaballo, unha doncela.

Imos ao asexo, imos ao escuro, cando a ardentia •ou á lúa chea, e asexaremos por estas rías o lumbricante, bonito duro, moitos xurelos, a palometa, un ollomól, unha zapata, un peixe sapo, un fura-areas, a robaliza, a maragota, o pinto, a raia e toda a pesca.

Bernardino Graña: Profecía do mar, Edicións Xerais.



figa: Arte de pesca semellante ao arpón.

ardentia: Luminosidade das augas mariñas, producida polos movementos dos peixes.

•Palabras non-normativas.

Comentario da lectura



Despois de escoitar o texto

1 Di cales destes enunciados son verdadeiros (V) e cales son falsos (F):

- Trátase dun poema.
- Todos os versos teñen o mesmo número de sílabas.
- O poema fala do mar e da pesca.
- O autor do poema é Manuel María.

2 Transforma os enunciados falsos para que sexan verdadeiros.

Comprendo as palabras

3 De que peixe falamos?

- a) É un peixe alongado e moi feo. (Estrofa 1).
- b) É un dos peixes máis comúns para comer. (Estrofa 2).
- c) É un peixe plano cos dous ollos á dereita da cara. (Estrofa 3).
- d) É como unha sardiña pequeniña e cómese enteiro. (Estrofa 4).
- e) Ten un nome moi fermoso e tamén se chama atún. (Estrofa 5).
- f) É un peixe moi feo e cómese moito en salpicón. (Estrofa 5).

4 Localiza, nas estrofas indicadas, os seguintes animais:

- a) O nome dun mamífero mariño. (Estrofa 2).
- b) Dous moluscos con moitas patas. (Estrofa 3).
- c) Tres nomes de marisco con coiraza. (Estrofas 3, 4, 5).
- d) O nome dun marisco con dúas cunchas. (Estrofa 3).

5 Busca no poema as artes de pesca que aparecen nas seguintes fotografías:



Reflexiono

6 Elixe dous versos longos e dous curtos e mide as súas sílabas.

7 Con cales destas afirmacións estás de acordo? Por que?

- a) O traballo dos pescadores é moi duro e perigoso.
- b) Pescar é sinxelo e, ademais, non traballan todos os días.

8 Fíxate na rima e ordena os versos destes tres textos:

Un truco ten este peixe
quitalle o til mais o ene
que non todo o mundo sabe:
e hase converter en ave.



Son pequeno e alongado,
como non podo nadar,
en dúas cunchas colocado,
pégome ás rochas do mar.



e brazos teño, ademais,
pero non podo escribir
Teño tinta e teño pluma,
pois non aprendín xamais.



- Agora, escribe a solución de cada adiviña.



ESCOITO E FALO

Que é unha lonxa?

1 Escoita atentamente e ordena os pasos desde que se pesca o peixe ata que nós o mercamos na peixería:

- As caixas de peixe transportanse nuns carros desde o barco ata a lonxa.
- O peixe pésase e etiquétase.
- O peixe prepárase en xeo para transportalo ata a peixería.
- Os compradores examinan detidamente a mercancía.
- Distribúense as caixas de peixe en distintas zonas da lonxa.
- Iníciase a poxa, empezando por un prezo alto, ata que algún comprador a para.
- No barco, os pescadores clasifican o peixe en distintas caixas.

CIENCIAS DA NATUREZA

NON HAI QUE COPIAR AS PREGUNTAS, SO A RESPOSTA

3 A enerxía contida nos nutrientes extráese mediante unha serie de reaccións químicas que se levan a cabo no interior das células.

a) Que nome recibe o conxunto destas reaccións químicas?

- | | |
|---|--|
| <input type="checkbox"/> Metabolismo. | <input type="checkbox"/> Absorción intestinal. |
| <input type="checkbox"/> Respiración celular. | <input type="checkbox"/> Excreción enerxética. |

b) Para que se leve a cabo este proceso é imprescindible o osíxeno do aire.

Que percorrido ten que facer o osíxeno para chegar ata as células?

Escribe as seguintes palabras na orde correcta segundo o percorrido do aire:

traquea – bronquíolos – larinxe – alvéolos – sangue – fosas nasais

bronquios – capilares – células – farinxe



4 A dixestión realízase ao longo do tubo dixestivo dun xeito similar a unha cadea de montaxe dunha fábrica: nunhas zonas do tubo lévanse a cabo uns procesos e noutras zonas complétanse eses procesos e iníciáanse outros.

Relaciona mediante frechas os seguintes termos do aparello dixestivo:

- | | |
|--------------------|---------------------------|
| quilo • | • figado |
| bile • | • estómago |
| bolo alimenticio • | • pilosidades intestinais |
| quimo • | • intestino |
| absorción • | • boca |

A merenda do recreo

No colexio de Irea están moi preocupados polos hábitos alimenticios dos alumnos. Déronse de conta de que moitos deles, á hora de tomar unha pequena merenda durante o recreo, o que comen é unha palmeira de chocolate ou un bolo industrial, a pesar de que este tipo de bolos e o abuso de doces son os principais responsables do exceso de peso de gran parte dos nenos.

Ata tal punto chega a preocupación dos profesores que están pensando en prohibir o consumo dese tipo de comida no centro.



- 1** Algúns alumnos din que Irea é moi «rara» porque durante o recreo come un pequeno bocadillo que lle preparan os pais. A ela tanto lle ten, sabe que a súa merenda é moito máis saudable ca a dos seus compañeiros, polo que come o seu bocadillo tan tranquila. Ás veces é de chourizo ou xamón curado, outras veces é de tortilla de pataca... A ela o que máis lle gusta é o de polo: unha barriña de pan e dentro un pequeno bisté de polo con tomate e leituga. Irea sabe que o seu bocadillo a axuda a levar unha dieta equilibrada.

Por que cres que o bocadillo de polo con leituga e tomate de Irea favorece unha dieta equilibrada? Elix a resposta máis adecuada.

- Porque inclúe vexetais.
- Porque llo preparan os pais.
- Porque ten glúcidos, lípidos, proteínas, vitaminas e sales minerais.

- 2** Para extraer os nutrientes de cada un dos compoñentes do bocadillo de polo, o organismo de Irea ten que dixerilo no seu aparello dixestivo. Despois ten que enviar eses nutrientes a cada unha das células para que alí sexan utilizados e así extraer deles enerxía e diversas substancias que servirán de materiais para construír e repararlle os músculos, a pel, os ósos, etc.

Que aparello leva os nutrientes desde o intestino ata as células?

- O circulatorio. O respiratorio.
- O excretor. O dixestivo.